

XENTENOVA
IDEASNOVAS

*Que queres conservar
e protexer*

**DO TEU BARRIO,
DA TÚA PARROQUIA?**

*Que elementos afean e destrúen a súa
personalidade?*

PARTICIPA NO CONCURSO
**TERRIÑA QUE
NOS CRIOU**

*convocado polo
ENDL Ollomao e a Biblioteca
do IES San Rosendo
coa colaboración da ANPA Amolou*

BASES

1. O concurso ten como obxectivo valorar a conservación e a protección do noso patrimonio cultural e natural como necesaria garantía de futuro.

2. Poderá participar nel todo o alumnado do IES San Rosendo, **INDIVIDUALMENTE** ou en **GRUPO**.

3. Establécense catro categorías:

-1º e 2º de ESO

-3º e 4º de ESO e FP Básica

-1º e 2º de Bacharelato

-Ciclos Agraria

4. Cada participante deberá realizar do **BARRIO** ou **PARROQUIA** que desexe **FOTOGRAFÍAS** de **DOUS TIPOS**:



**DOS ELEMENTOS QUE SE CONSIDEREN
MOTIVO DE COIDADADO
E CONSERVACIÓN**



**DOS ELEMENTOS QUE SE CONSIDEREN
AGRESIÓNS OU FEÍSMO**

5. Os traballos enviaranse como presentación de PowerPoint ou LibreOffice Impress tal e como se indica:

- Debaixo do NOME do LUGAR e do da PERSOA que realiza o traballo deberán aparecer os dous tipos de imaxes: as dos elementos motivo de protección, que levarán o lema DESTA XEITO, SI; e as que denunciaren agresións ou feísmo, que levarán o lema DESTA XEITO, NON.*
- En ambos casos deberase incluír ademais un TEXTO BREVE que explique os MOTIVOS da súa elección e clasificación.*
- Deberá aparecer tamén UN TEXTO ESCOLLIDO dun autor ou autora mindoniense ou da zona, de quen se citará nome e obra e que se pode consultar na biblioteca.*

6. Poderanse enviar os traballos ata o 14 de maio de 2019 aos enderezos electrónicos ollomao.endl@gmail.com ou bibliomerlin@gmail.com

7. O XURADO estará composto polo profesorado que forma parte de Ollomao e do equipo de biblioteca, así como unha representación da ANPA, que escollerá os traballos gañadores en cada categoría e publicará os resultados no blog bibliomerlin e na páxina de Facebook do centro o día 17 de maio.

8. Cada traballo gañador será premiado con 30€ para a adquisición de material escolar en establecementos da zona.

XENTENOVA
IDEASNOVAS

*Anímate
e
participa!*

